


VERSIÓN 9

En Ardora, a páxina en servidor "gravadora" (dispoñible dende a versión 9) permítenos propoñer actividades nas que a resposta se efectúe mediante vídeo, son ou ben capturando o que estea na pantalla do noso ordenador.



Pódese utilizar para explicar un concepto, dar unha opinión, examinar a produción oral, podcasts, radio escolar, expoñer presentacións... as opcións para aplicar na aula son inmensas. A súa simplicidade de uso permítelle a nosos alumnado gravar son ou vídeo de xeito moi intuitivo.

O profesorado ten tamén a opción de "comentar" a entrada mediante outro son ou vídeo.

Pestana 1. - Contido Inicial:

Na primeira pestana poderemos formular noso enunciado, decidir quen terá acceso aos vídeos, sons ou capturas, personalizar as opcións do menú gráfico, determinar un

fondo para a página etc. Vexamos as opcións en detalle:

The screenshot shows the 'Grabadora' web application interface. At the top, there is a navigation bar with three tabs: '1.- Contenido inicial', '2.- Opciones de ejecución', and '3.- Página web'. Below the navigation bar, the main content area is divided into several sections:

- 1. Introduzca los datos:** This section contains a sub-section titled 'Página web' (highlighted with a blue box and a large blue number '1'). It includes fields for 'Titulo de las páginas', 'Titulo', and 'Verdana, Geneva, sans-serif' font. There are also checkboxes for 'Public' and 'Individual', and a '3' in a box.
- 2. Enunciado:** This section (highlighted with a red box and a large red number '2') contains a large text area for the 'Enunciado' (statement) with a font size of '12' and a '18' in a box. Below it are options for 'Fondo' (background) with 'center' and 'repeat' dropdowns, and a 'Scroll' checkbox.
- 3. Menú gráfico:** This section (highlighted with a light blue box and a large blue number '3') contains a list of menu items: 'Start', 'User', 'Comment', 'Add', 'Refresh', 'Full screen', and 'Log out'. There are also 'Posición' options (radio buttons) and a 'Verticales' dropdown.
- 4. Publicar actividad:** This section (highlighted with a brown oval and a large brown number '4') contains fields for 'Primeras letras para el nombre de los archivos', 'Destino', 'Gestión de usuarios', and 'Etiqueta' (with the value 'Nombre usuario/a').

Zona 1:

1. - O que escribamos aquí verase na pestana do navegador.

2. - Podemos especificar un título que aparecerá na parte superior da páxina.

3, 4, 5, 6, 7- Estas opcións permítennos darlle formato ao título especificado no campo 2. Poderemos escoller o tipo de letra (3), o tamaño (4) e a cor do texto (5). Se activamos esta casa (6) o texto terá unha sombra no lado dereito. Finalmente especificaremos (7) a posición do texto.


8, 9 10, 11. - Se activamos a casa (8), colocaremos unha liña entre o título especificado no campo 2 e o enunciado. Os outros tres campos permítennos especificar o grosor desa liña (9), o tipo de liña (no menú despregable 10) e a cor (11).

12. - Con estas casas, poderemos determinar quen poderá visualizar os vídeos/sons/capturas e/ou os comentarios do profesorado. Vexamos as opcións en profundidade:

a) Casas "público" e "individual" desactivadas: Soamente os participantes especificados no xestor de usuarios/ás (ou no desktop) poderán visualizar as entradas elaboradas polos seus compañeiros/ás e profesor/a. Os comentarios do profesor/á un vídeo/son/captura só poderán ser vistos polo estudante que elaborou a devandita entrada.

b) Casa "individual" activada. Cada estudante so poderá visualizar a súa gravación e os comentarios que o profesor/a faga na súa propia entrada.

c) Casa "público" activada. Tal e como podemos observar na imaxe da dereita, ao activar a casa "público" aparece unha nova opción de "comentarios do profesorado".



Se activamos ambas as dúas casas ("público" e "comentario-profesorado") calquera persoa que acceda á páxina (aínda que non estea identificado como usuario/a) poderá visualizar os vídeos/sons ou capturas e terá acceso aos comentarios feitos polo profesorado.

Se activamos a casa "Público" pero non a de "comentarios-profesorado", calquera persoa que teña a ligazón poderá visualizar os vídeos, pero os comentarios do profesor/a so poderán ser visualizados polo participante que elaborara esa entrada.

Zona 2:

1. - Neste campo especificamos o enunciado de nosa actividade.

2 3, 4. - Aquí podemos decidir o tipo (2), cor (3) e tamaño (4) da fonte a usar no enunciado.

5. - Con estes campos decidiremos se o texto

(todo ou unha parte seleccionada) aparecerá en grosa, cursiva, subliñado, con subíndice ou superíndice.

6. - Este botón permítenos seleccionar todo o texto do enunciado.

7. - Podemos usar estas iconas para copiar, cortar ou pegar texto.

8. - Aquí decidimos a aliñación do texto.


9. - Neste campo decidimos o interlineado que terá o enunciado.

10, 11 12, 13. - Activando esta casa (10), poremos unha liña separando o enunciado da actividade. Co campo (11) decidiremos o grosor da liña; no menú despregable (12) elixiremos o tipo de liña e finalmente a cor (13).

14. - Aquí podemos establecer unha imaxe de fondo para a actividade.

15. - No caso de elixir unha imaxe de fondo debemos determinar a súa posición (bottom, center...) así coma se esta imaxe debe repetirse, por exemplo, para facer un mosaico.

16. - No caso de non introducir imaxe, o fondo será da cor especificada no botón situado máis á dereita, seleccionando algún dos cadrados anteriores indicamos se queremos que o fondo sexa, na mesma orde que aparecen, unha cor "plano", un degradado lineal ou un



degradado circular (nestes dous casos deberemos de determinar unha segunda cor no botón que se fai visible ao seleccionalo).

17. - Activando esta casa aparecerá unha barra lateral que nos permitirá desprazarnos en caso de non poder visualizar todas as entradas na páxina principal.

Zona 3:

Nesta zona definimos o formato e as etiquetas do menú gráfico.

1. - Aquí especificamos a cor das liñas da icona.


2. - Determinamos a cor de fondo.

3. - Definimos as "etiquetas" que aparecerán cando situemos o cursor do rato sobre os diferente botóns.

4. - Activando esta casa, teremos un botón para permitir a visualización da páxina a tamaño completo.

5. - No menú "posición" especificamos o lugar no que aparece o menú.

6. - Finalmente decidimos se os vértices do recadro que contén a icona terán un aspecto redondeado ou non. Podemos mesmo especificar o grao de curvatura.



Zona 4:

1. - Especificamos o nome que vai ter a carpeta que contén a actividade.


2. - Decidimos o lugar onde queremos que se cre.

3. - Seleccionamos a carpeta que conteña unha "xestión de usuarios"



previamente creada con Ardora.

4. - Definimos a etiqueta que aparecerá na parte superior do xestor de usuarios que utilizemos con esta páxina en servidor. Fíxese na imaxe inferior:



The image shows a screenshot of a web application interface. At the top, there is a header bar with a tab labeled "Students 4 ESO" highlighted by a red box and a red arrow pointing to it. Below the header, the text "4 ESO students" is visible. The main content area contains a login form titled "Data". The form includes two input fields: "Username" (with a person icon) and "Password" (with a lock icon). Below the input fields is a green button labeled "Enter".

Pestana 2. - Opcións de Execución:

Nesta pestana seleccionaremos diferentes parámetros para executar a actividade. Examinemos as diferentes seccións en detalle:

Páginas "en servidor" - Gravadora

www.webardora.net

The screenshot shows the 'Grabadora' application interface. At the top, there are three tabs: '1.- Contenido inicial', '2.- Opciones de ejecución', and '3.- Página web'. Below the tabs, a heading reads '2. Seleccione los distintos parámetros para la actividad'. The interface is divided into three main sections, each highlighted with a red box and a number:

- 1 (Blue box):** 'Área visible:' section. It includes a text editor with a font dropdown set to 'Verdana, Geneva, sans-serif' and a size dropdown set to '16'. There are checkboxes for 'N' and 'I'. Below this is a video player showing a video with the text 'Lorem ipsum dolor sit amet, consectetur.' and a progress bar at '0:00 / 0:02'. At the bottom of this section are fields for 'Autor/a:' and 'Fecha:' with a date '17-08-2020 20:05:29', and another font dropdown set to 'Verdana, Geneva, sans-serif'.
- 2 (Red box):** 'Opciones de ejecución' section. It contains a 'Máximo' dropdown set to '2' and a 'Total' dropdown set to '60'.
- 3 (Red box):** 'Grabadora' section. It has a 'Tipo de entrada' dropdown set to 'Video', and buttons for 'Áudio' and 'Pantalla'. There is a 'Conectar' button and checkboxes for 'Grabar sonido' and 'Grabar micrófono'.

This is a detailed view of the 'Área visible:' section from the previous screenshot, with 15 red callout numbers pointing to specific UI elements:

- 1: Font dropdown menu.
- 2: Font size dropdown menu.
- 3: Color selection button.
- 4: Text alignment icons.
- 5: 'N' and 'I' checkboxes.
- 6: Video player controls (play, volume, progress).
- 7: Video player window frame.
- 8: Video player title bar.
- 9: Video player playback progress bar.
- 10: Video player close button.
- 11: Video player maximize button.
- 12: Video player full screen button.
- 13: Video player settings icon.
- 14: Video player status bar.
- 15: 'Autor/a:' and 'Fecha:' input fields.

Zona 1:

1,2,3,4. - Estes campos permítenos definir a fonte (1), tamaño (2), cor (3) e posición (4) do

texto que ocupará o espazo superior da gravación (título).

5. - Activando estas casas poremos ambos os dous textos en negra e/ou cursiva.

6. - Cos botóns dese campo daremos formato ao rectángulo que contén o texto superior. De esquerda a dereita poderemos determinar a cor, o nivel de transparencia e se o rectángulo terá unha sombra no lado dereito.

7. - De esquerda a dereita determinamos a cor do rectángulo que conterá o campo de comentarios (aparecerá nunha ventá emerxente), e o tipo de fonte, tamaño e cor do comentario.

8, 9, 10, 11 e 12. - No caso de elixir unha imaxe de fondo (8) debemos determinar a súa posición (9) (bottom, center...) así coma se esta imaxe debe repetirse, por exemplo, para facer un mosaico.

No caso de non introducir imaxe, o fondo será da cor especificada no botón situado máis á dereita (10), seleccionando algún dos cadrados anteriores indicamos se queremos que o fondo sexa, na mesma orde que aparecen (11), unha cor "plano", un degradado lineal ou un degradado circular (nestes dous casos deberemos de determinar unha segunda cor no botón que se fai visible ao seleccionalo, (12)).

13. - Con estes botóns damos forma ao bordo que conterá o son, vídeo ou captura feitas. De esquerda a dereita determinaremos o grao de curvatura (0 = vértices rectos) o grosor, o tipo e a cor do bordo.

14. - Activando esta casa permitiremos a descarga da gravación, que se efectuará en formato .ogg en caso de **audio** e .webm se é un vídeo.

15. - Activando estas dúas casas aparecerán debaixo da gravación o seu autor e a data na que foi gravado. No campo inferior determinaremos o tipo de letra para eses dous datos.

Na imaxe inferior podemos ver un exemplo real coa correspondencia dos campos explicados neste apartado:



Zona 2:

Nesta sección especificamos:1. -

O máximo de entradas de cada usuario/a.

2. - O número máximo de entradas que terá a páxina.

Opciones de ejecución	
Máximo	1
Usuario	2
Total	2
	60

Zona 3:

Nesta sección personalizamos os campos que aparecerán cada vez que un usuario/a ou profesor/a engada unha gravación.


Grabadora		
Tipo de entrada	Video	Audio
	Pantalla	
Conectar		
Grabar sonido	Grabar micrófono	

Na imaxe inferior podemos ver os campos desta sección nun exemplo de gravadora:



Pestana 3. - Páxina web:

Nesta pestana definimos os campos coas mensaxes que aparecerán cando un estudante ou profesor/a realice unha gravación:



Zona 1:

Nesta zona personalizamos os dous campos que os participantes deben cubrir ao realizar unha gravación.



Zona 2:

Nesta sección personalizamos a fonte e o recadro no que aparecerán as diferentes mensaxes da actividade.


1. - Aquí decidimos a transparencia que terá o fondo da cabeceira das mensaxes.

2. - Con estes dous botóns establecemos as cores (degradado) da cabeceira (no exemplo, branco e gris).

3, 4 5, 6. - Nestes campos definimos o tipo (3), cor (4), e tamaño (5) da fonte. Ademais activando a casa (6) obteremos unha sombra no lado inferior e dereito do texto.

7. - Nestes campos establecemos o tipo, a cor e o tamaño da fonte das mensaxes e os diferentes campos

8. - Neste campo podemos seleccionar unha imaxe de fondo para o recadro que contén as diferentes mensaxes; estableceremos a súa posición (bottom, center...) e decidimos se a imaxe debe repetirse.



9. - En caso de non establecer unha imaxe de fondo podemos establecer unha cor de fondo determinado usando este botón.

10. - Neste campo escribimos a etiqueta que aparecerá ao pasar o rato polo botón X e a cor do recadro que conterá esa icona.

11. - Neste campo escribimos a etiqueta que aparecerá ao pasar o rato polo botón ✓ e a cor do recadro que conterá esa icona.

12. - Con este botón definimos a cor dos símbolos X e ✓.

Este sería o aspecto da actividade:

